PROXECTO FIN DE CARREIRA

"Plan de mellora e aproveitamento dos recursos hidráulicos no Parque Natural das Illas Cíes"



Autor: Manuel Iglesias González

Director de Proxecto: Paulino Alegre Fidalgo

E.U.E.T. Forestal

MEMORIA DO PROXECTO



"Plan de mellora e aproveitamento dos recursos hidráulicos no Parque Natural das Illas Cíes"

Autor: Manuel Iglesias González

E.U.E.T. Forestal

INDICE

1. INTRODUCCION

2. XUSTIFICACION DA NECESIDADE DO PROXECTO: ESTADO ACTUAL DOS RECURSOS HIDRICOS NAS ILLAS

- A escasez de agua

- Disponibilidade de reservas de agua potable

- A agua e a fauna silvestre

- A agua e os incendios forestais

- Volume de agua potable asignada para usos exclusivo dos establecementos públicos

3. ANTECEDENTES

3.1.- Xeralidades

3.2.- Características do sistema

- Balsas contra incendios

- Fontes de agua potable

- Fontes de agua non potable

4. OBXECTIVOS.-

4.1.- Xerais

4.2..- Específicos

5. ALTERNATIVAS O PROXECTO

6.ESTADO LEGAL. NORMATIVAS

6.1.- Caracterización do parque

6.2.- Outros tipos de Normativas

7. OUTROS DATOS DE INTERES

8. DESCRIPCION DO PROXECTO

9. RESUMO DO PRESUPOSTO

10 BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS A MEMORIA

ANEXO 1: Encuadre xeográfico e administrativo

ANEXO 2: Antecedentes administrativos

ANEXO 3: Estudio do medio físico

1.- Biotopo

2.- Biocenosis

ANEXO 4: Estudio sociocultural

ANEXO 5: Textos das normativas legais que rixen o Parque Natural das Illas Cíes

ANEXO 6: Estudio de seguridade e hixiene no traballo

ANEXO 7: Estudio de Impacto Ambiental

ANEXO 8: Datos climáticos de precipitacións e temperaturas

ANEXO 9: Inventariación e documentación sobre o terreo

ANEXO 10: Reseñas teóricas para a comprensión do proxecto

ANEXO 11: Presuposto para a administración

MEMORIA DO PROXECTO

1. INTRODUCCION.-

O Parque Natural das Illas Cíes (Pontevedra) foi creado en 1980, co obxectivo de preservar, conservar e rexenerar este espacio natural, promovendo o seu coñecemento e posibilitando un uso público compatible coa conservación da natureza.

2. XUSTIFICACION DA NECESIDADE DO PROXECTO: ESTADO ACTUAL DOS RECURSOS HIDRICOS NAS ILLAS .-

(A escasez de agua / disponibilidade de reservas de agua potable / a agua e a fauna silvestre / a agua e os incendios forestais / volume de agua potable asignada para usos exclusivo dos establecementos públicos)

A escasez de agua durante o vran .- E de sobras coñecida por moitos dos visitantes deste parque os problemas que plantexa o tema da agua debido a que principalmente nas épocas de máis calor, que asimesmo coinciden cas de máis afluencia de visitantes e cas épocas máis perigosas na loita contra incendios forestais.

Ainda que do parque non hai datos fiables de precipítacións debido á inexistencia dunha estación meteorolóxica nas Illas, estímase que a

precipitación anual é aproximadamente a metade que en terra (véxase anexo "Precipitacións"), onde ademáis, a pequena extensión de territorio que abarca (un total de 434 ha) fai que sexa imposible a formación de cursos permanentes de agua. Por outra banda a xeomorfoloxía das illas fai que as balsas subterráneas de agua sexan poucas e pequenas, co cal os nacedouros que hai nas illas son tamén escasos. A única fonte que permanece con suficiente agua (e ademáis potable) durante todo o ano é a fonte de Carracido, que constitúe a reserva fundamental das illas e da cal se saca a agua necesaria para satisfacer as necesidades tanto para consumo humano como para incendios forestais.

Disponibilidade de reservas de agua potable.- Este é outro dos problemas que ten o parque, xa que salvo a agua da fonte de Carracido e a dalgúns dos pozos de barrena que hai distribuidos polas illas, as demáis fontes, das cales se fará un listado máis adiante, non son de agua potable.

A agua e a fauna silvestre.- Moitas veces pódese ver como ós paxaros non lles queda máis remedio que acudir a beber e refrescarse a sitios donde hai moito tránsito de visitantes, o cal ocasiona un grave problema de impacto ambiental producido polos visitantesnunha zoa declarada ZEPA pola Comunidade Europea.

A agua e os incendios forestais.- A falta de unha infraestructura adecuada fai que a loita contra incendios forestais sexa poida ser pouco efectiva en determinadas ocasións de extrema perigosidade. A grande perigosidade débese principalmente á existencia de pendentes moi acusadas nalguns puntos, á escasez de recursos humanos e medios mecánicos de loita e a que as vías de

circulación de vehículos só permiten o paso dun vehículo de cada vez, o cal contribúe á menor efectivide na loita contra o lume.

Volume de agua potable asignada para uso exclusivo dos establecementos públicos.- Tanto o campin coma o bar do muelle de pasaxeiros necesitan ó día certo volume de agua, o cal se encargan de levarllo os traballadores forestais nunha cisterna de tractor. Esta agua provén da Fonte de Carracido.

3. ANTECEDENTES.-

3.1.- Xeralidades

Nº maximo de visitantes / día = 3000 persoas

Puntos onde se centra o máximo consumo de agua

Nas illas de Faro e Monteagudo

Fonte da praia de Figueiras
Fonte que está ó lado da caseta de información
Fontes anexas ó Lago

(Estas 4 fontes collen agua da mesma captación)

Fonte de Carracido
Almacéns do camping (Esta agua tráese de Carracido)

Pozos de barrena do Campo de Traballo

Balsas de agua para defensa contra incendios:

Pedra da Campá (Capacidade 25 m3)
Fonte de carracido (Capacidade 60 m3)
Alto do Príncipe (Capacidade 9 m3)
Cruce de camiños Alto do Príncipe - Campo de traballo (Capacidade 25 m3)
Faro do Peito (Capacidade 25 m3)

3.2.- Características do sistema

Depósitos contra incendios e rede de hidrantes:

Dado o intrincado do sistema de vías de comunicación e á escasez de medios mecánicos de defensa contra incendios, faríase conveniente intalar varias depósitos máis que fagan posible encher as mochilas sen ter que recorrer largas distncias, o cal fará máis efectiva a loita contra o lume. Trátase de repartir as balsas o máis uniformente polsible ó longo das illas.

Funcións dos depósitos:

- Reposto de agua para mochilas
- Reposto de agua para cisterna sde tractores e coches bomba

A problemática das vías de comunucación: ó se estas unidireccionais para vehículos, retrasan noito as labores de extinción.

A problemática da excesiva distancia entre puntos de agua: As maiores existencias de agua nas illas están na fonte de Carracido, co cal, dende algúns puntos tardarían máis de media hora en ir, repostar e vir os tractores ou coches bomba.

Fontes de agua potable: As únicas que hai nas illas situanse na illa do Faro, onde as únicas de acceso público son a de Carracido e a que hai ó lado da casa Forestal. Outros puntos de agua potable atópanse no campin, o cal fai que só poidan acceder a elas os campistas.

Fontes de agua non potable: Todas as que se atopan na illa de Monteagudo, nas cales se trataría de instalar uns filtros nas mangas que canalizan esa agua para evitar partículas en suspensión na mesma e así potabilizala.

4. OBXETIVOS.-

4.1.- Xerais

- Contribuir á mellora nas infraestructuras do parque

- Facer que o sistema de loita contra incendios sexa o adecuado para garantizar a seguridade tanto da xente que visita o parque como da fauna, que se ve afectada polo factor humano cando alguén planta lume.

- Facer que o coste por persoa de visita ó parque sexa menor por dispoñer de puntos de agua potable e non ter así que comprala nas tendas que hai nas illas

- Melloralas condicións hixiénicas da xente que vai visitar o parque na temporada de estiaxe das fontes e puntos de agua.

- Contribuir á mellora global dos servicios prestados polo parque tanto ás persoas que o visitan diariamente como á fauna que nel reside.

4.2..- Específicos

- Potabilización da agua das fontes nas cales non se fagan necesarios complicados sistemas de depuración

- Ampliar as captacións, na medida do posible, co fin de que non haxa escasez de agua nos momentos clave do verán e todos os visitantes poidan usar as fontes

5. ALTERNATIVAS O PROXECTO

- Alternativa elixida para este proxecto

Situar depósitos na parte alta das illas para que a agua baixe por gravedade hacia os puntos onde faga falla. A agua transpórtase ata os depósitos principais mediante motobombas por tramos impulsores de tubería.

- Outras alternativas

1.- Contar con grupos de presión o suficientemente potentes nas partes baixas das illas e con agua suficiente almacenada para que cando faga falla agua en fontes ou puntos de rego, se poida bombear a suficiente agua cá suficiente presión hacia os puntos de rego. Desbotouse porque é unha solución técnicamente complicade tanto en construcción e mantenemento e precisaría de xente especialezada que a atendese cando se estropease; ademáis saería moi cara e precisaríase de depósitos de recollida de agua nas partes baixas da illa igualmente grandes que os instalados nas partes altas neste proxecto, xa que os recursos hídricos no inverno son escasos.

2.- Pozos de barrena: Levaría consigo un coste adicional de facer prospeccións xeofísicas para saber de que cantidade de agua se dispón realmente. En caso de que a cantidade dispoñible nos acuíferos subterráneos non fose suficiente para os distintos abastecementos podería dar lugar á depresión do nivel freático. Nos acuíferos que se atopen en zoas próximas ó mar haberá ademáis problemas relacionados ca salinización desa agua doce por

introducción e mezcla ca agua doce de parte de agua salada procedente do océano.

3.- Bombear agua do mar directamente en caso de incendios e regar as plantacións utilizando coches bomba e tractores con cisterna: é a solución adoptada actualmente xunto coa utilización de medios aéreos de loita contra incendios forestais. crearía problemas graves de salinización para a vexetación, que xa de por sí se ve afectada por un ambiente excesivamente salino. Ademáis, as motobombas, ca agua salada estropéanse moito antes.

4.- Facer os depósitos principais independentes das fontes e acarrexar a agua ata os mesmos valéndose de tractores cisterna e coches bomba: O depósito máis grande ten capacidade para 100 metros cúbicos, e a cisterna dun tractor ou dun coche bomba tena para 3.000 litros, co cal habería que facer do orden de 35 viaxes a cada depósito e sería pouco viable económicamente.

6.ESTADO LEGAL. NORMATIVAS

6.1.- Caracterización do parque

Parque Natural das Illas Cíes
Promulgado o 17/10/80 (BOE do 15/11/80)
Declaradas Zoa de Especial Protección para Aves (ZEPA) pola
Comunidade Europea e o Estado Español

Administrado pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, a través da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, coa colaboración dunha Xunta Rectora

Información

Dirección xeral de Montes e Medio Ambiente Natural (Delegación provincial da Consellería de Agricultura , Gandería e Montes en Pontevedra) telf.: 986.80.54.36

Benito Corbal, 47 - 5°

36071 PONTEVEDRA

6.2.- Outros tipos de Normativas

Lei de Contratos do Estado

Lei de Aguas

Normativas propias do Parque indicadas no apartado anterior

Abastecemento de agua :

Prego de Prescripcións técnicas xerais para tuberías de abastecemento de agua. Orde de 28-Xullo-74,do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo. BOE 2 e 3 de Oct do 74.

Estructuras e forxados:

Fabricación e emprego de elementos resistentes para pisos e cubertas. Real Decreto 1630/1980 de 18 de Xulio da Presidencia de Goberno. BOE 8-Ago do 90.

Modificación do Real decreto anterior sobre autorización de uso para a fabricación e emprego de elementos resistentes de pisos e cubertas. Orde de 29-Nov-89.

Estructuras de formigón armado:

Instrucción para o proxecto e execución de obrad de formigón en masa ou armado "EH-91". Real Decreto 1039/1991 de 1 de Marzo do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo. BOE 3-Xulo-91.

No prego de condicións técnicas e no de condicións administrativas que acompaña a este anteproxecto veñen todo tipo de normas sobre materiais, etc.

7. OUTROS DATOS DE INTERESE

Os documentos de que consta este anteproxecto son:

- Memoria
- Anexos á memoria
  - Encuadre xeográfico e administrativo
  - Antecedentes administrativos
  - Estudio do medio físico

Estudio sociocultural

Estudio de Seguridade e Hixiene no Traballo

Estudio de Impacto Ambiental

Planos (Pendientes, xeolóxico, medios de defensa contra incendios, series de vexetación, modelos de combustible, indices de peligrosidade asociados a cada modelo, balsas de agua subterránea, plano xeral de situación, plano de cada tipo de depósito e de cada tipo de obra cos seus correspondentes planos de detalle, etc.)

Prego de condicións técnicas e administrativas

Presuposto

8. DESCRIPCION DO PROXECTO

TEMAS QUE TRATA O PROXECTO: EXPLICACION DO PROXECTO

- Captación do Alto do Príncipe

Esta parte trata de construir unha arqueta no mesmo punto en que nace a auga na captación que hai actualmente no Alto do Príncipe para maximizar o aproveitamento da auga e consegír desta maneira que non se produzan durante o verán os actuais problemas de escasez cáseque total de auga tanto na Fonte do Coxo coma na Fonte da Caseta de Información, ambas as dúas abastecidas coa auga desta captación. Coa simple construcción dunha arqueta que aproveite ó máximo a auga preténdese que estas fontes non se sequen durante o verán.

Ademáis, durante o inverno cóntase coa auga desta captación para encher o depósito de impulsión función do cal é encher o depósito principal do Alto do Príncipe tamén proxectado.

- Fonte do Faro de Monteagudo

Esta fonte ainda non existe. Aquí trátase de buscar o nacedouro e instalar unha arqueta de captación que envía a auga a un depósito regulador que comunique, enviando auga, tanto co grifo da fonte coma co bebedeiro para os paxaros.

Sábese que este nacedouro ten que existir porque é un sitio moi fértil, ó pe dunha grande vaguada onde hai aproximadamente 20 anos existía un nese

mesmo sitio que durante moito tempo foi utilizado po un pequeno asentamento de xente que estaba a uns 75 m de distancia do sitio.

A fonte consta de dunha entrada de auga que ven dende o depósito regulador e de dúas saídas, unha das cales é un grifo de pistón para beber e a outra é unha tubería cunha válvula de comporta que dá paso á auga que se utiliza para encher o depósito de impulsión.

Tanto a arqueta como os depósitos regulador e de impulsión teñen os seus respectivos revosadeiros.

No depósito de impulsión sae unha tubería que envía auga mediante a impulsión proporcionada por un motor eléctrico ata ó depósito principal do Faro de Monteagudo.

- Depósitos para almacén permanente de auga

A función principal dos depósitos principais é a de almecenar auga durante longos períodos de tempo para ser utilizada en distintos lugares ós cales chega mediante canalizacións en épocas cando faga falta, especialmente en épocas nas que faga falta unha gran demanda en pouco tempo (incendios forestais, rego de plantacións, enchido de cisternas de tractor e coches bomba); ademáis isto posibilita que haxa nas illas reservas de auga doce en épocas de seca, cando esta escasea.

Estes depósitos teñen unha capacidade de 100 m3 cada un deles e conducen a auga ata a saída dos hidrantes. A rede de hidrantes repártese polas pistas forestais e cortalumes en todas as áreas accesibles para persoas. Estes hidrantes poden alcanzar nas súas saídas unha presión mínima de 15 atm cando o motor de saída do depósito se atopa conectado, presión que pode utilizarse para enviar agua en caso de incendio forestal para o tendido de mangas. Cando non fai falla presión na saída de hidrantes,a auga pode baixar por gravedade xa que os depósitos están situados no alto dos montes en sitios de cota superior na maioría dos casos á de calquera hidrante.

Para subir a auga ata os depósitos principais utilízanse bombas eléctricas que recollen a agua almacenada nos depósitos de impulsión e a envían, mediante tuberías especialmente tendidas para este efecto, ós sitios altos donde se atopan os depósitos principais.

Os depósitos de impulsión atópanse preto de nacedouros e hai só un para cada depósito principal. A auga é canalizada ata estes depósitos directamente das captacións dos nacedoutos, e logo elevada ata os depósitos principais.

Na saída do depósito principal a tubería de saída se bifurca en dous tramos (tal e como está indicado nos planos do proxecto), un deles leva un grupo de presión con u motor para crear apresión necesaria (maximo de 15 atm) nas tuberías colectoras que dan ós hidrantes, e o outro non leva nada non sendo as válvulas habituais; isto se emprega para que cando faga falla presión nas bocas dos hidrantes se conecte o tramo de tubería que leva o motor, e cando a presión nos hidrantes xa sexa necesaria e tamén cando non se require o

uso das instalacións se conecte, o tramo de tubería que non leva motor nin grupo de presión (só cando faga falla a súa conexión).

A saída de cada ramal no tendido de tuberías hai unha arqueta que sirve para o vaciado de total de tuberías.

Tamén existen nos puntos máis altos dos arcos nun tendido de tuberías unhas ventosas que serven para a eliminación total do aire no momento de poñer en funcionamento a instalación, e nos puntos máis baixos, unhas mangas curtas e de pequeno diámetro que dan a unha arqueta que alberga a válvula para esa tubería e que serven para purgar as tuberías colectoras cando se queira proceder ó seu vaciado total ou á súa limpeza.

DESCRIPCION E DETALLES TECNICOS DA PARTE FISICA DO PROXECTO: EXPLICACION DE DETALLE DO PROXECTO

Depósitos de 100 m3

Constará de dous vasos de capacidade 2,50 * 5,00 metros en planta e 5,00 metros de altura cada un deles.

Este depósito terá unhas dimensións de 5,80 * 6,20 metros en planta e 5,12 metros de alto, con capacidade para 100 m3, con paredes feitas formigón armado de 200 Kg/cm2 de resistencia característica de 40 cm de espesor e separación das armaduras de 0,25 * 0,25 metros, feitas con malla estándar de aceiro corrugado en redondos de diámetro 12 mm electrosoldada, sobre unha cementación de espesor 40 cm feita con morteiro de cemento de resistencia característica 200 kg/cm2 e armado con malla estándar de aceiro corrugado en redondos AEH-400 de diámetro 16 mm electrosoldada. As paredes levarán enfoscado tanto exterior coma interior de 2,5 cms de grosor en morteiro de cemento de resistencia característica 125 kg/cm2 o exterior e 100 kg/cm2 (formigón de limpeza para o asento do material impermeabilizante) o interior. Como impermeabilizante interior usarase polietileno de alta densidade. Levará na súa parte superior unha placa en lousas prefabricadas de formigón armado de 12 cm de espesor e base de 3,00 * 0,50 metros, sobre vigas en "T" tamén de formigón armado de 3,00 metros de lonxitude que irán apoiadas nos seus extremos nos muros do depósito e sellados convenientemente.

Levará unha trampilla de 4 mm de espesor de aceiro en cada vaso para acceso do persoal de limpeza ó interior do depósito, a cal estará dotada de peche de seguridade na súa parte superior e será de simensións de 80 * 60 cm

para a entrada de persoal para a limpeza do mesmo. Disporá asimesmo de pates de baixada colocados cada 30 cms verticalmente ó longo da parede do depósito para a baixada ó mesmo.

Este depósito irá pintado para que non quede moi visible, usando unha pintura adecuada para a súa camuflaxe.

O depósito levará catro carretes pasamuros en cada vaso anclados nos seus paramentos verticais, un dos cales serán de DN-30 mm que servirá de entrada á tubería procedente do depósito de impulsión, outro de DN-150 mm sairá para o tendido de tuberías de saída a hidrantes, outro se usará como respiradeiro e será de DN-150 mm de diámetro tendo que levar soldada no seu extremo exterior, unha malla metálica con luz de paso 2,5 mm para evitar a entrada de impurezas ó interior do depósito. Pasamuros e tubería de PVC de DN-150 mm para rebosadeiro. Pasamuros de DN-100 mm con válvula de comporta para este diámetro para a limpeza interior do depósito.

Os cálculos da estructura do depósito fíxose para un tamaño máximo de grieta de w = 1 mm.

(Para máis detalles ver o apartados de "dimensionamento do depósito" e "planos")

Depósito regulador do Faro de Monteagudo

Este depósito terá unhas dimensións de 2,40* 2,40 * 1,80 metros, con capacidade para 2,8 m3, con paredes feitas formigón armado de 200 Kg/cm2 de resistencia característica de 20 cm de espesor e separación das armaduras de 0,25 * 0,25 m, feitas con malla estándar de aceiro corrugado en redondos AEH-400 de diámetro 16 mm electrosoldada, sobre unha cementación de

espesor 40 cm feita con morteiro de cemento de resistencia característica 200 kg/cm2 e armado con malla estándar de aceiro corrugado en redondos AEH-400 de diámetro 16 mm electrosoldada. As paredes levarán enfoscado tanto exterior coma interior de 2,5 cms de grosor en morteiro de cemento de resistencia característica 125 kg/cm2 o exterior e 100 kg/cm2 (formigón de limpeza para o asento do material impermeabilizante) o interior. Como impermeabilizante interior usarase polietileno de alta densidade. Levará na súa parte superior unha placa de 30 cm de espesor feita con semivigueta prefabricada e bovedilla de formigón, que irá sellada convenientemente.

Levará unha trampilla con peche de seguridade na súa parte superior de 80 * 60 cm para a entrada de persoal para a limpeza do mesmo. Disporá asimesmo de pates de baixada colocados cada 30 cms verticalmente ó longo da parede do depósito para a baixada ó mesmo.

Este depósito irá pintado para que non quede moi visible, usando unha pintura adecuada para a súa camuflaxe.

O depósito levará cinco carretes pasamuros anclados nos seus paramentos verticais, un dos cales serán de DN-20 mm que servirá de entrada á tubería de impulsión, outro de diámetro 30 mm utilizarase como respiradeiro, tendo que levar soldada no seu extremo exterior, unha malla metálica con luz de paso 2,5 mm para evitar a entrada de impurezas ó interior da arqueta. Pasamuros e tubería de PVC de diámetro 10 cms para rebosadeiro, pasamuros de 30 mm de diámetro pasa saída do depósito da auga para bebedeiro de aves e fonte. Pasamuros de 30 mm de diámetro con válvula de comporta para este diámetro para a limpeza interior do depósito.

Arqueta de captación do Alto do Príncipe

A cementación desta arqueta vai directamente sobre a superficie dunha laxe, xa que o nacedouro mana a través dunha diaclasa situada no alto duns penedos onde non hai practicamente sólo. Esta arqueta terá unhas dimensións de 1,00 * 1,00 * 1,00 metros, con paredes feitas en fábrica de ladrillo de dobre oco posto a media hasta sobre unha cementación de espesor irregular segundo a superficie irregular da laxe sobre a que irá asentada e estará feita con morteiro de cemento de resistencia característica 200 kg/cm2 e armado con malla estándar de aceiro corrugado en redondos de diámetro 12 mm electrosoldada. As paredes levarán enfoscado tanto exterior coma interior de 2,5 cms de grosor en morteiro de cemento de resistencia característica 125 kg/cm2 o interior e 100 kg/cm2 (formigón de limpeza para o asento do material impermeabilizante) o exterior. Como impermeabilizante usarase polietileno de alta densidade. Na súa parte interior. A tapa ou teito da arqueta terá un grosor de 10 cms e estará traída e feita a medida en prefabricado de formigón armado e irá sellada convenientemente; a súa superficie será de 1,00 m2.

Esta arqueta non irá pintada xa que non queda moi visible tanto pola súa ubicación (entre as grandes pedras coma pola súa cor grisácea que se confunde coa da pedra).

A arqueta levará tres carretes pasamuros anclados nos seus paramentos verticais, dous dos cales serán de DN-20 mm e servirán para enlazar coas tuberías de unión do depósito regulador das fontes do Coxo e da Caseta de Información e o outro, de diámetro DN-30 mm utilizarase como respiradeiro da arqueta, tendo que levar soldada no seu extremo exterior, unha malla

metálica con luz de paso 2,5 mm para evitar a entrada de impurezas ó interior da arqueta.

Arqueta de captación do Faro de Monteagudo

Esta arqueta vai prácticamente enterrada. Terá unhas dimensións de 1,00 * 1,00 * 1,00 metros, con paredes feitas en fábrica de ladrillo de dobre oco posto a media hasta sobre unha cementación de espesor 15 cms enriba da que irá asentada e estará feita con morteiro de cemento de resistencia característica 200 kg/cm2 e armado con malla estándar de aceiro corrugado en redondos de diámetro 12 mm electrosoldada. As paredes levarán enfoscado tanto exterior coma interior de 2,5 cms de grosor en morteiro de cemento de resistencia característica 125 kg/cm2 o interior e 100 kg/cm2 (formigón de limpeza para o asento do material impermeabilizante) o exterior. Como impermeabilizante usarase polietileno de alta densidade. Na súa parte interior. A tapa ou teito da arqueta terá un grosor de 10 cms e estará traída e feita a medida en prefabricado de formigón armado e irá sellada convenientemente; a súa superficie será de 1,00 m2.

Esta arqueta non irá pintada por fora, xa que vai enterrada.

A arqueta levará dous carretes pasamuros anclados nos seus paramentos verticais, un dos cales será de DN-20 mm e servirá para enlazar co depósito regulador da fonte do Faro de Monteagudo e do bebedeiro de paxaros, e o outro, de DN-30 mm, utilizarase como respiradeiro da arqueta, tendo que levar soldada no seu extremo exterior, unha malla metálica con luz de paso 2,5 mm para evitar a entrada de impurezas ó interior da arqueta.

Casetas para albergar bombas e depósitos de impulsión

No proxecto contémplase a construcción de tres casetas deste tipo:

I 1,2 .- Depósito de impulsión que servirá para encher os depósitos do Alto do Príncipe e do Monte Faro, xa que se atopan os dous conectados á mesma liña de impulsión. Estará situado ó lado da captación da Fonte de Carracido.

I 3 .- Usarase para encher o depósito principal do Alto do Príncipe e estará colocado na mesma vaguada na que se atopa ubicada a captación do Alto do Príncipe.

I 4 .- Usarase para encher o depósito principal do Faro de Monteagudo e estará colocado cerca de onde se atopa ubicada a captación do Faro de Monteagudo uns metros máis abaixo desta.

Construcción: A caseta terá a capacidade suficiente para albergar un depósito troncocónico de poliester para auga de 3.000 litros de capacidade e de dimensións 1,480 m de altura, 1,730 m de diámetro da base maior e 1,510 m de diámetro da base menor, que irá equipado con válvula de flotador para parada e posta en marcha da bomba de impulsión. Levará unha soleira de 30 cms de espesor en formigón H-175, onde a base da cal terá unhas dimensións de 3,00*3,00 m. Paredes feitas a base de formigón armado de 20 cms de espesor e 3,00 m de alto. Tanto no exterior como no interior levará un

enfoscado de 2,5 cm de espesor a base de formigón H-150. O teito estará feito en placa de prefabricado de cemento armado de 12 cms de espesor convenientemente sellado, de lonxitude 3,00 m e ancho 1,50 m sobre vigas de 3,00 m de lonxitude en "T" invertida. No seu interior haberá sitio tamén para albergar a bomba de impulsión. Levará dous carretes de anclaxe pasamuros de fundición de DN-20 mm ou DN-30 mm segundo o caso que servirán para a entrada de auga ó depósito e para a saída cara a manga de impulsión dende a bomba respectivamente así como outro para a entrada do cableado de suministro de corrente eléctrica para o motor, que terá unhas dimensións de DN-100 mm. A caseta irá ou non pintada con pintura plástica en paramentos verticais e horizontais exteriormente segundo o impacto visual e paisaxístico que produza en canto ó cromatismo da zoa onde se atopa.

A caseta disporá de unha entrada de 1,50 m de ancho pechada cunha porta de aluminio de doble folla (75 cms de ancho cada parte) que abrirá hacia fora. Esta entrada terá 2,00 m de alto e levará pechadura de seguridade.

Casetade control das instalacións e ubicación da estación de bombeo

Irán situados en lugares anexos ó depósito principal (un por depósito) tal e como se amosa nos planos, e conterán ademáis do xerador de electricidade e os dispositivos de control da instalación eléctrica correspondente a cada depósito, os dispositivos encargados do control das saídas para as tuberías de colectores tales como, válvulas, grupos de presión, ventosas, etc. (ver planos).

Construcción: A caseta terá a capacidade suficiente para albergar os elementos de control xa indicados anteriormente. Levará unha soleira de 30 cms de espesor en formigón H-175, onde a base da cal terá unhas dimensións de 3,00*3,00 m. Paredes feitas a base de formigón armado de 20 cms de espesor e 3,00 m de alto. Tanto no exterior como no interior levará un enfoscado de 2,5 cm de espesor a base de formigón H-150. O teito estará feito en placa de prefabricado de cemento armado de 12 cms de espesor convenientemente sellado, de lonxitude 3,00 m e ancho 1,50 m sobre vigas de 3,00 m de lonxitude en "T" invertida. Levará dous carretes de anclaxe pasamuros de fundición de DN-150 mm e DN-100 mm que servirán para a saída de auga cara os hidrantes e para a saída de cableado necesario para abastecer en suministro eléctrico as bombas dos depósitos de impulsión. A caseta irá ou non pintada con pintura plástica en paramentos verticais e horizontais exteriormente segundo o impacto visual e paisaxístico que produza en canto ó cromatismo da zoa onde se atopa.

A caseta disporá de unha entrada de 1,50 m de ancho pechada cunha porta de aluminio de doble folla (75 cms de ancho cada parte) que abrirá hacia fora. Esta entrada terá 2,00 m de alto e levará pechadura de seguridade.

Tendido de tuberias de colectores

O dispositivo de saída do depósito princiál por gravedade consta de (en orden de colocación): Valvula de comporta de fundición de 200 mm, válvula

de retención de 200 mm, válvula de seccionamento de 200 mm, peza en T de reducción a 40 mm con ventosa de diámetro 1 mm.

O dispoditivo de saída do depósito por impulsión mediante un motor eléctrico consta de: Válvula de comporta para un diámetro de 200 mm, bomba eléctrica, válvula de retención para un diámetro de 200 mm, grupo de presión, peza en T de reducción a 40 mm con ventosa de 1 mm, válvula de retención para diámetro 200 mm, peza en T de reducción a 40 mm con válvula antiariete, válvula optimizadora de bombeo de diámetro 200 mm, válvula de seccionamento de diámetro 200 mm.

Tendido de tuberias dende captación a depósito regulador e impulsion:

A tubería a empregar terá un diámetro de 40 mm no caso da impulsión do Monte Faro e Alto do Príncipe e de 30 mm no caso do Faro de Monteagudo e Pedra da Campá.

O dispoditivo de saída do depósito por impulsión mediante un motor eléctrico consta de: Válvula de comporta para un diámetro de 40 ou 30 mm, bomba eléctrica, válvula de retención para un diámetro de 40 ou 30 mm, grupo de presión, peza en T de reducción a 20 mm con ventosa de 3/4 mm, válvula de retención para diámetro 40 ou 30 mm, peza en T de reducción a 20 mm con válvula antiariete, válvula optimizadora de bombeo de diámetro 40 ou 30 mm, válvula de seccionamento de diámetro 40 ou 30 mm, segundo o caso.

Acometida e conxunto arqueta para hidrante enterrado

Estarán formdas por un hidrante de 4" con dúas saídas de 70 mm feito en aceiro de fundición. Asimesmo, a carcasa para o conxunto da arqueta e hidrante enterrado estará tamen feita en aceiro de fundición na forma indicada nos planos; terá unhas dimensións de 430 * 335 * 335 mm e levará pechadura de seguridade. Esta arqueta irá asentada sobre unha cementación de 10 cms de espesor de base cuadrangular de dimensións as da 500 * 400 * 400mm en morteiro de cemento H-150 e unhas paredes feitas do mesmo formigón que envolverán á arqueta de fundición. Os elementos mecánicos serán, además do hidrante de 4", unha codo de 90° de enlace da tubería de 50 mm co hidrante de 4", un carrete de montaxe para tubería de 50 mm de diámetro e unha peza en T de unión coa tubería principal.

Anclaxes para o tendido de tubería e pezas especiais das mesmas

Estas anclaxes serán das distintas formas indicadas nos planos segundo a peza de que se trate e estarán feitos en morteiro de cemento H-150 e aceiro corrugado en redondos AEH-400. A base da cementación será en todos os casos de base cuadrangular de dimensións segundo as características da peza a anclar e levará para ser armada unha parrilla de aceiro electrosoldada.

Rexistros para ventosas

Etarán feitos en fábrica de ladrillo de doble oco posto a panderete no sentido lonxitudinal segundo os radios do círculo que forma a base e enfoscado interior e exteriormente cun total de 0,20 cms de espesor dos muros completos. A altura das paredes será de base variable segundo o aconsellen en cada caso as características do terreo onde vaia instalado o tramo de tubería. Serán de base circular coa metade inferiór cilíndrica e superior troncocónica. A soleira será de formigón en masa H-150 será de base circular de 1,56 m de diámetro e terá 0,20 m de altura. Estará dotada de dous carretes de anclaxe pasamuros para entrada e saída da tubería que serán de distinto diámetro segundo o tramo no que se vaia a instalar, asicomo o conxunto da ventosa e bridas de unión desta á tubería. A tapa e o buzón do rexistro estará feita en material de función e terán 1,00 m de diámetro o buzón, e 0,60 m a tapa, que irán ancladas á parte superior do rexistro cun cinturón de formigón en masa H-150 de 0,20 m de espesor que rodeará ó buzón polo seu exterior, de maneira que o diámetro do cinturón sexa de 1,16 m.

Diámetro da ventosa que corresponde a cada diámetro da conducción:

Diámetro "D" da conducción (mm)	Diámetro da ventosa (mm)
$0 < D \leq 100$	3/4
$100 < D \leq 150$	1
$150 < D \leq 200$	1 1/4

Resxistros para válvulas de comporta

Etarán feitos en fábrica de ladrillo de doble oco posto a panderete no sentido lonxitudinal segundo os radios do círculo que forma a base e enfoscado interior e exteriormente cun total de 0,20 cms de espesor dos muros completos. A altura das paredes será de base variable segundo o aconsellen en cada caso as características do terreo onde vaia instalado o tramo de tubería. Serán de base circular coa metade inferiór cilíndrica e superior troncocónica. A soleira será de formigón en masa H-150 será de base circular de 1,56 m de diámetro e terá 0,20 m de altura. Estará dotada de dous carretes de anclaxe pasamuros para entrada e saída da tubería que serán de distinto diámetro segundo o tramo no que se vaia a instalar, asicomo o conxunto da válvula de comporta e bridas de unión desta á tubería. A tapa e o buzón do rexistro estará feita en material de función e terán 1,00 m de diámetro o buzón, e 0,60 m a tapa, que irán ancladas á parte superior do rexistro cun cinturón de formigón en masa H-150 de 0,20 m de espesor que rodeará ó buzón polo seu exterior, de maneira que o diámetro do cinturón sexa de 1,16 m. Na parte inferior do rexistro levará ademáis unha anclaxe especial de cemento armado con formigón H-175 e aceiro corrugado en redondos AEH-400 que anclará directamente o carrete pasamuros de entrada.

Cámaras de desagüe

Constarán de dous departamentos (cámara de vaciado e cámara de válvula) separados por un muro de 1 pé de fábrica de ladrillo macizo, asi

como todas os paramentos verticais da cámara. Levará un enfoscado en ambas caras dos paramentos con morteiro de cemento hidrófugo así como pintura epoxi no seu exterior. O espesor das paredes será de 0,25 m e a súa altura será variable segundo as características do lugar onde vaia colocada. O ancho da cámara de desague será de 0,60 m e o da cámara da válvula será variable pero sempre axustándose ós requerimentos de espacio da válvula. Nas paredes irán instalados os pates de baixada para o acceso ó interior de cada cámara, que irán distanciados entre sí unha distancia de 0,25 m. O chan da cámara de vaciado levará como pavimento un adoquinado de granito. En canto á cementación, ésta irá sobre unha base de 10 cms de formigón de limpeza tipo H-125 e estará feita en formigón H-150 de espesor variable segundo o sitio tal e como se indica nos planos. Na parte superior da cámara de vaciado levará como tapa da mesma unha unha lousa de formigón armado redonda de diámetro 600 mm armada con cerco metálico e contracerco. A tapa da cámara da válvula será de buzón esférico de diámetro 600 mm de fundición con chave. Estas tapas irán ancladas á parte superior do rexistro cun cinturón de formigón en masa H-150 de 0,20 m de espesor que rodeará ó buzón polo seu exterior e fará de asento a medida para a lousa de formigón. En canto ós accesórios hidráulicos, estes serán, unha válvula de comporta de fundición de diámetro 50 mm, dous carretes pasamuros de 50 mm, un carrete de montaxe para a válvula de 50 mm de diámetro, un codo de 90° de 50 mm de diámetro coa súa saída libre orientada cara o adoquinado de granito e outro codo de 15° de 50 mm de diámetro.

Dispositivos de purga

Levará unha cementación circular de espesor 0,15 m de morteiro de cemento H-150 de 0,92 m de diámetro. Os muros serán de fábrica de ladrillo macizo posto a media asta de 0,40 m de alto e 0,12 m de espesor. Na súa parte superior levará un buzón e tapa de fundición con pechadura de seguridade, os cales irán sellados con morteiro de cemento H-150 de 0,075 m de espesor. Levará tamén unha anclaxe para o codo final de 90° , en cemento armado H-150. Como elementos mecánicos levará un codo de 90° de final de percorrido con saída libre orientada cara a parte superior da arqueta de diámetro 50 mm, un elemento en T de enlace coa tubería principal, unha válvula de comporta de 50 mm de diámetro, un tramo de tubería de 50 mm de enlace coa principal de 2,00 m de lonxitude e tres carretes de montaxe de 50 mm

Construcción e distribución da fonte do Faro de Monteagudo, bebedeiro para paxaros, etc. asimesmo como a distribución destas obras na parcela do Faro de Monteagudo

Bebedeiro para paxaros: Levará unha soleira de 20 cms de espesor en formigón H-150 de 1,50 * 0,50 m, enriba da cal irán unhas paredes feitas en pedra país que contornean a superficie da soleira que teran unha altura de 10 cms e un ancho de 10 cms. No interior levará un recheo de formigón H-125 cunha pendente dun 45 por mil onde a parte máis alta estará na válvulade goteo e a parte máis baixa estará no rebosadeiro de tal maneira que haxa distintas altitudes ó longo do bebedeiro e a auga estea sempre en movemento. Levará

unha válvula de goteo na que poderá ser regulada o caudal de auga que entre ó bebedeiro.

Fonte do Faro de Monteagudo:

Fonte de auga potable feita da seguinte maneira: Base de encachado de 10 cms de espesor , soleira de formigón H-150 de 20 cms de espesor, enriba da cal vai un recheo de 10 cms de espesor de pedra país, na mesma superficie de soleira de dimensións 1,10 * 0,80 m. No extremo superior da soleira vai a parede de pedra que levará unha saída para grifo, outra para comunicación co depósito de impulsión cos correspondentes pasamuros de DN-20 mm. Esta parede será de pedra país de 0,40 * 1,20 * 1,10 m. O grifo irá instalado a 1 m de altura. Terá tamén un pasamuros de DN-20 mm para evacuación do sobrante.

Tendido eléctrico

(Ver apartado específico referido ó tipo de instalación e ós componentes da mesma)

INSTALACION ELECTRICA

Redes de distribución subterráneas

Son aquelas que están constituídas por conductores aillados situados das formas seguintes:

- Directamente enterradas no fondo de zanjas.
- No interior de conductos enterrados

Neste proxecto se fai unha instalación subterránea debido a que se intenta que o impacto ambiental sobre a zoa de interés natural sexa mínimo.

A profundidade mínima nos conductores directamente enterrados ou aloxados en conductos, será de 0,6 m, a non ser no caso de respetarse distancias de seguridade no caso de cruzamentos e paralelismos, xa que entón haberá que tomar estas medidas de seguridade en consideración. Para evitar accidentes, a presencia dunha liña subterránea debe de estar convenientemente sinalizada, poñéndose, no caso de conductores directamente enterrados ou no interior de conductos enterrados, unha cobertura de aviso ou protección situada a 10 cms por riba dos mesmos.

Con vistas a facilitar o mantemento e explotación das redes subterráneas deben dispoñerse suficientes arquetas de rexistro ó longo do percorrido das mesmas.

O material de aislamento a utilizar neste proxecto como aislamento dos conductores será o polietileno reticulado.

Distancia entre cruzamentos de cables subterráneos baixo augas circunstanciais: > 1 m

Distancia en proximidades e paralelismos de cables subterráneos baixo augas circunstanciais: > 2 m (ainda que non hai unha distancia tabulada para este caso)

Caixa de bornes dos motores

Todo motor trifásico conta cunha caixa de bornes, situada na parte frontal da súa carcasa, na cal se efectúan as conexións adecuadas para a súa alimentación e o peche do circuito estatórico. Estes bornes atópanse convenientemente aillados e á súa parte posterior van os cables terminais do devanado estatórico despois de atravesar a citada carcasa. Para identificalos márcanse cas letras U, V, W e X,Y, Z, sendo as tres primeiras as destinadas a ser alimentadas dende as fases R, S e T e as tres segundas as que pechan o circuito eléctrico do estator en estrela ou en triángulo.

Hai que ter en conta que un motor no cal a característica de tensión sexa 380/220 ten o seu devanado estatórico calculado para soportar 220 V, polo que se se conecta a unha liña de 380 V deberá facerse en estrela, mentes que se a tensión da citada liña é de 220 V, deberá fecerse en triángulo para que suministre toda a potencia de que è capaz.

Instalacións de posta a terra

O reglamento electrotécnico de baixa tensión establece a obrigatoriedade de que, nunha determinada instalación, a diferencia de potencial entre as masas e a terra non sexa superior a 24 'V se se trata dun local húmedo como é o caso. Con esta prescripción pretendese conseguir que no caso de que un usuario entre en contacto cunha masa que accidentalmente se atopa baixo tensión, a diferencia de intensidade a que se atope sometido non implique riscos serios para a sua integridade física. Para contemplar esta cuestión, a instalación estará dotada dun bo sistema de posta a terra, sendo esta unha ligazón metálica sen pretección ningunha, de sección suficiente dispostos entre determinados elementos ou pares da instalación e un electrodo enterrado no solo. O obxecto da posta a terra é conseguir que o conxunto da instalación próxima ó terreo non existan diferencias de potencial perigosas e que, ó mesmo tempo permita o paso a terra das corrientes debidas a faltas de aislamento dos conductores activos (fases e neutro) ou a procedentes de descargas de orixe atmosférico.

As partes que comprende un sistema de posta a terra son as seguintes:

- Tomas de terra
- Liñas principais de terra
- Derivacións das liñas principais de terra
- Conductores de protección

O circuito de conductores, coas suas derivacións e empalmes, que forman as diferentes partes da posta a terra chámase circuito de posta a terra.

As tomas de terra están constituidas polo electrodo, a liña de enlace con terra e o punto de posta a terra.

Descripción xeral das liñas de bombeo de impulsión

Tamo de impulsión que cubre os depósitos do Monte Faro e da Pedra da Campá:

Bomba eléctrica IBP 4 PLUS 150/200 con motor de 28 turbinas, potencia de motor 5,5 HP e 4 CV; consumo de corriente en 3~400 é 10 Kw; pode acadar unha altura manométrica para un caudal de 4,8 m3/h de 170 m.; o diámetro de saída da bomba é de 2". Utiliza un tendido de liñas de corriente en trifásica.

Esta bomba actua sobre os tramos de impulsión que dan ós depósitos do Monte Faro, situado a unha altitude de 140 m e ó da Pedra da Campá, situado a unha altitude de 80 m, dende a captación da Fonte de Carracido situada a unha altitude de 25 m. Para isto precisa superar uns desniveis de 115 m no caso do depósito do Monte Faro e de 55 m no caso do depósito da Pedra da Campá.

O cable elixido para a instalación en 3~400 - 50 Hz de ditas bombas en cada unha das tres fases máis no neutro será cable flexible 0,6/1 KV de 4 mm2 de sección para un tendido subterráno no interior de tubo de polietileno

corrugado de 100 mm de diámetro cunha lonxitude de 160 m de lonxitude sobre a ladeira que percorre o tramo que vai dende a captación da Fonte de Carracido ata a caseta de control que se sitúa ó lado do depósito da Pedra da Campá.

A caseta de control da bomba eléctrica vai situada ó lado do depósito da Pedra da Campá.

Tamo de impulsión que cubre o depósito do Alto do Principe:

Bomba eléctrica IBP 4 PLUS 40/170 con motor de 29 turbinas, potencia de motor 1,5 HP e 1,09 CV e 1,1 KW; consumo de corriente en 3~400 é 3,2 Kw; pode acadar unha altura manométrica para un caudal de 2,4 m3/h de 10 m.; o diámetro de saída da bomba é de 1"1/4. Utiliza un tendido de liñas de corriente en trifásica.

Esta bomba actua sobre o tramo de impulsión que da ó depósito do Alto do Príncipe, situado a unha altitude de 87,5 m , dende a captación do Alto do Príncipe situada a unha altitude de 80 m. Para isto precisa superar uns desniveis de 7,5 m.

O cable elixido para a instalación en 3~400 - 50 Hz de dita bomba en cada unha das tres fases máis no neutro será cable flexible 0,6/1 KV de 1,5 mm2 de sección para un tendido subterráno no interior de tubo de polietileno corrugado de 100 mm de diámetro cunha lonxitude de 370 m de lonxitude

sobre a ladeira que percorre o tramo que vai dende a captación do Alto do Príncipe ata a caseta de control que se sitúa ó lado do depósito do Alto do Príncipe.

A caseta de control da bomba eléctrica vai situada ó lado do depósito do Alto do Príncipe.

Tamo de impulsión que cubre o depósito do Faro de Monteagudo:

Bomba eléctrica IBP 4 PLUS 40/170 con motor de 29 turbinas, potencia de motor 1,5 HP e 1,09 CV e 1,1 KW; consumo de corriente en 3~400 é 3,2 Kw; pode acadar unha altura manométrica para un caudal de 2,4 m3/h de 10 m.; o diámetro de saída da bomba é de 1"1/4. Utiliza un tendido de liñas de corriente en trifásica.

Esta bomba actua sobre o tramo de impulsión que da ó depósito do Faro de Monteagudo, situado a unha altitude de 60 m , dende a captación da fonte do Faro de Monteagudo situada a unha altitude de 50 m. Para isto precisa superar uns desniveis de 10 m.

O cable elixido para a instalación en 3~400 - 50 Hz de dita bomba en cada unha das tres fases máis no neutro será o cable flexible 0,6/1 KV de 1,5 mm2 de sección para un tendido subterráno no interior de tubo de polietileno corrugado de 100 mm de diámetro cunha lonxitude de 260 m de lonxitude sobre a ladeira que percorre o tramo que vai dende o depósito regulador da fonte do Faro de Monteagudo ata a caseta de control que se sitúa ó lado do depósito do Faro de Monteagudo.

A caseta de control da bomba eléctrica vai situada ó lado do depósito do Faro de Monteagudo.

Descripción xeral das liñas de bombeo hacia hidrantes

Bomba IBP da serie E do tipo EE-31 ET co características técnicas: 22,0 KW; 30,0 HP e 21,82 CV; diámetro da aspiración de 6" e diámetro de saída 3" que traballando a 15 atm de presión manométrica e bombee 40.000 L/H.

Controladores de seguridade para protección das bombas

Cada depósito principal levará un, así como tamén irán conectados a cada un deste as bombas dos depósitos de impulsión asociadas a cada depósito principal.

Cadro de sondas pozo. Cadro eléctrico destinado á protección da parte hidráulica por falta de auga no pozo, que desactiva automáticamente as bombas. Totalmente conectado conterminais de punteira en todos os cables. Componentes: 1 magnetotérmico ou disxuntor; 1 conductor de 9 ou 12 A; 1 relé térmico; unha caixa transparente de 25*20*14 cms; 1 base relé de sondas; 1 relé de sondas 220/380 V; 1 interruptor lateral ON/OFF; 2 pilotos de sinalización. Conectado a cada bomba para trifásica a 380 V. Características: 3,10/3,90; reg térmica A: 2,5 A 4,0.

Xeradores de electricidade

A medida que se realicen traballos, el Contratista deberá proceder, pola sua conta, á policía da obra e á retirada dos materiales acopiados que xa non teñan emprego na mesma.

1.23.- OBRAS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS

Ata a recepción definitiva, o Contratista será responsable da execución da obra contratada e das faltas que nela houber, non eximindoo de tal responsabilidade o feito de que os representantes da Propiedade examinaran o recoñecido, durante a construcción as partes e unidades da obra ou os materiales, nin que foran incluidos nas certificacions parciais.

Si a obra se arruina ou aparecen vicios ocultos debido ó incumplimento dudoso do contrato por parte do Contratista, con posterioridade á recepción definitiva, éste responderá dos danos e perxuicios no termo de dez (10) anos a partir de dita recepción definitiva. Transcurrido este prazo, quedará totalmente extinguida a sua responsabilidade.

1.24.- DEMOLICION E RECONSTRUCCION DAS OBRAS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS E OS SEUS GASTOS.

Se se advierten vicios ou defectos na construcción ou se teñen razons fundadas para crer que existen vicios ocultos na obra executada, a Dirección ordenará, durante o curso da execución e sempre antes da recepción definitiva, la demolición e reconstrucción das unidades de obra en que se dean aquelas, ou as accions precisas para comprobar a existencia de tales defectos.

Si a Dirección ordea a demolición e reconstrucción por advertir vicios ou defectos patentes na construcción, os gastos destas operacions serán de conta do Contratista, con dereito deste a reclamar ante a Propiedade contratante no prazo de dez (10) días, contados a partir da notificación da Dirección.

No caso de ordenarse a demolición e reconstrucción de unidades de obra por ter existentes nellas vicios ou defectos ocultos, os gastos incumbirán también ó Contratista, si resulta comprobada a existencia daqueles vicios ou defectos; caso contrario, correrán a cargo da Propiedade. Si a Dirección

estima que as unidades de obra defectuosas e que non cumpren estrictamente as condicions do contrato son, sen embargo, admisibles, pode propor á Propiedade a aceptación das mesmas, ca conseguinte rebaixa dos precios. O Contratista queda obrigado a aceptar os precios rebaixados fixados pola Propiedade, a non ser que prefira demoler e reconstruir as unidades defectuosas pola sua conta e con arreglo ás condicions do Contrato.

1.25.- PREZOS CONTRADICTORIOS

Cando sexa preciso, a xuicio do Director, executar unidades de obra non previstas no presente Proxecto, éste proporá os novos precios basándose na aplicación dos costes elementais fixados na descomposición dos prezos do Cadro de Precios nº 2 (dous).

Ditos prezos deberán ser aprobados pola Propiedade e, a partir da sua aprobación, consideraranse incorporados a todos os efectos, os cuadros de prezos do Proxecto.

1.26.- LIMPEZA DA OBRA

Rematadas as obras, e antes da recepción provisional, o Contratista procederá ó seu cargo, á limpeza das mesmas, debendo retirar tamén todas as súas ferramentas e instalacions provisionales.

Se o mencionado Contratista rehusara ou amosara neglixencia ou demora no cumplimiento destes requisitos, ditas instalacions poderán ser retiradas pola Dirección de Obra.

O coste de dita retirada, no seu caso, será deducido de calquera cantidade adeudada ou que poidera adeudarse ó Contratista.

1.27.- RECEPCION PROVISIONAL

O representante designado pola Propiedade fixará a data de recepción. As reclamacions que estime oportunas facer o Contratista contra o resultado da medición xeral dirigiraas por escrito á Propiedade, a través do Director, quen as elevará debidamente informadas.

1.28.- LIQUIDACION PROVISIONAL

O director formulará a liquidación provisional aplicando ó resultado da medición xeral, os precios e condicions económicas do Contrato.

1.29.- PRAZO DE GARANTIA

O período de garantía iniciarase seguidamente á recepción provisional das obras, sendo a sua duración de un (1) ano.

Durante o período de garantía o Contratista estará obrigado a manter as obras en perfecto estado de funcionamento e conservación.

1.30.- ACTA DE RECEPCION DEFINITIVA

O Director comunicará á Propiedade, con unha antelación mínima de un (1) mes, a data da terminación do prazo de garantía, a efectos de que ésta proceda a nombrar representante para a recepción definitiva. Dito representante fixará a data de celebración da mesma.

A asistencia do Contratista á recepción definitiva será obrigatoria, rexíndose por idénticos principios ós descritos para a recepción provisional.

Do resultado do acto, extenderase acta en tantos exemplares cantos teñan sido os asistentes, os cales firmarán e retirarán un exemplar.

1.34.- OBRIGAS DE CARACTER SOCIAL E LEGISLACION SOCIAL

O Contratista como único responsable da realización das obras, comprometese ó cumplimento á sua costa e risco de todas as obrigas que se deriven do seu carácter legal de patrono, respecto ás disposiciones de tipo laboral vixente ou que poidan dictar durante a execución das obras.

A Dirección de Obra poderá esixir do contratista en todo monento, a xustificación de que se atopa en regra no cumplimento do que respecta á aplicación da Lexislación laboral e da Seguridade Social dos traballadores ocupados na execución das obras.

O Contratista queda obrigado á observancia de cantas disposicions estean vixentes ou se dicten, durante a execución dos traballos, sobre materia social.

1.35.- PRAZO DE EXECUCION E GARANTIA

O prazo de execución, que se detalla no Plan de Obras é de CUATRO (4) MESES.

O prazo de garantía das obras será de DOCE (12) MESES, a contar dende a data de recepción provisional.

2.- CONDICIONS QUE DEBEN CUMPRIR OS MATERIAIS

2.1.- PRESCRIPCIONS XERAIS

En xeral, serán válidas todas as prescripcions referentes ás condicions que deben satisfacer os materiais e a sua man de obra, que aparecen nas Instruccions, Plego de Prescripcions Técnicas Xerais e Normas Oficiais definidas no artígo 1.2. (das cales será obrigatorio ter un exemplar nas oficinas da obra), que reglamentan a recepción, transporte, manipulación e emprego de cada un dos materiais que se utilizan nas obras do presente Proxecto.

O transporte, manipulación e emprego de materiais, farase de modo que non queden alteradas as súas características nin sufran deterioro nas suas formas ou dimensions.

2.2.- MATERIAIS NON INCLUIDOS NO PRESENTE PREGO

Os materiais non incluidos neste Prego serán de probada calidade debendo presentar o Contratista, para recabar a aprobación do Enxeñeiro Director, cantos catálogos, mostras, informes e certificados dos correspondentes fabricantes se estimen necesarios.

Cando a información aportada polo Contratista non se considere suficiente, poderán esixirse os ensaios oportunos dos materiais a utilizar.

2.3.- ENSAIO E RECOÑECEMENTO DOS MATERIALES

Os recoñecementos, ensaios e probas que se considere facer cos materiales que han de empregarse nas obras para comprobar si reúnen as condicions fixadas no presente Prego, verificaranse polo Enxeñeiro Director das obras, se ben, cando éste o considere necesario ou conveniente ou non dispoña dos medios precisos para realizar ditos ensaios, encargaraos a un laboratorio de recoñecida solvencia. O Contratista poderá presenciar estes ensaios.

Dos ensaios, análisis e probas que se realicen en laboratorio, dan fe os documentos que polo mesmo se expiden. Todos os gastos das probas e ensaios, incluido o transporte das mostras, deberán ser satisfeitos polo Contratista.

Cando os materiais non satisfagan o que para un en particular se determina nos artigos anteriores, o Contratista aterase ó que sobre este punto lle ordene por escrito o Enxeñeiro Director das obras para o cumplimento do preceptuado nos respectivos artigos deste Prego.

Os materiais rexeitados, serán marcados con pintura e deberán ser retirados da obra dentro do prazo de oicho (8) días a partir da data na que foron rexeitados. Se o Contratista non os retirara no prazo fixado, entenderase que renuncia a ditos materiais a favor da Propiedade, que poderá dispoñer libremente deles sendo de conta do Contratista os gastos que ocasionen á Propiedade a operación de retiralos da obra.

2.4.- MATERIALS QUE NON REUNAN AS CONDICIONS DESTE PREGO

Cando, a xuicio do Enxeñeiro Director, algún dos materiais a empregar na obra non fora aceptable, deberá comunicalo por escrito ó Contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión. Neste caso, o Contratista poderá reclamar ante a Propiedade, no prazo de dez (10) días, contados a partir da notificación. Cando as circunstancias ou o estado dos traballos non permitan esperar a resolución da Propiedade, a Dirección poderá impoñer ó Contratista

o emprego de materiales que considere adecuados, asistindo a éste último un dereicho de indemnización, polos perxuicios ocasionados, no caso de que a resolución lle fora favorable.

Si os materiales a empregar foran defectuosos, pero aceptables a xuicio da Dirección Técnica das obras, poderán ser empregados, pero ca rebaixa do precio que a mesma determine, a non ser que o Contratista opte polo emprego de materiais das calidades esixidas por este Plego.

2.5.- RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

A aceptación dos materiais non exime a responsabilidade do Contratista respecto á calidade dos mesmos que subsistirá hasta que se reciban definitivamente as obras en que se empregaran.

2.6.- CONDICIONS DE HIXIENE

Os materiales a utilizar en partes que poidan entrar en contacto ca agua, tanto os que compoñen a conducción como os que poidan usarse para ensaio (líquido de ensaio, etc.) non serán tóxicos, nin poderán favorecer crecementos biolóxicos, de producirle turbidez ou calquera alteración das suas características sanitarias ou organolépticas.

2.7.- MORTEIROS E FORMIGONS ARMADOS E EN MASA

Os seus componentes cumprirán o especificado na Instrucción para o proxecto e execución de obras de formigón en masa e armado (EH-91).

2.8.- ARMADURAS PARA FORMIGON

Cumprirán igualmente o indicado na Instrucción para o proxecto e execución de obras de formigón en masa e armado (EH-91).

2.9.- MADEIRA

A madeira para entibacions, apeos, cimbras, andamios, encofrados, demáis medios auxiliares e carpintería de armar, deberá cumprir as condicions seguintes:

* Proceder de troncos sans apeados en sazón.

* Ter sido desecado ó aire, protexida do sol e da chuvia durante non menos de dous (2) anos.

* Non presentar signo algun de putrefacción, atronaduras, carcomas ou ataque de ongos.

* Estar exenta de gretas, lupias y verrugas, manchas, ou calquera outro defecto que perxudique a sua solidez e resistencia. En particular, conterá o menor número posible de nudos, os cuales, en todo caso, terán un espesor inferior á séptima parte (1/7) da menor dimensión da peza.

* Ter as suas fibras rectas e non revisadas ou entrelazadas, e paralelas á maior dimensión da peza.

* Presentar anillos anuais de aproximada regularidade, sin excentricidade de corazón nin entrecorteza.

* Dar sonido claro por percusión.

A forma e dimensions da madeira serán, en cada caso, as adecuadas para garantizar a sua resistencia e cubrir o posible risco de accidentes. O Enxeñeiro Director fixará a especie máis adecuada e as suas dimensiones precisas cando non estén especificadas nos planos.

A madeira de construcción encuadrada, será madeira de serra, de aristas vivas e cheas.

2.10.- MATERIALES PARA TAPAS, ESCALAS E PATES PARA REXISTRO

O material a empregar en marcos, tapas de peche de pozos, rejillas, etc. será de ferro gris, con grafito en vetas finas repartidas uniformemente e sin zoas con fundición blanca.

As pezas estarán libres de defectos superficiais (gotas frías, inclusions de area, solapaduras, gretas de construcción, etc.).

A forma, dimensions e peso son os indicados nos correspondentes Planos e Presuposto.

A sección terá resistencia suficiente para soportar as cargas de tráfico, exíndose á fundición unha resistencia mínima á reacción de dazaoito (18) kilopondios por milímetro cuadrado.

As tapas para arquetas serán cuadradas e o apoio da tapa sobre o marco debe realizarse perfectamente ó longo de todo o perímetro. O axuste lateral entre marco e tapa non debe sobrepasar os catro (4) milímetros. Estas condicions deberán observarse cuidadosamente para non caer no defecto de tapas que "bailan" dentro do marco. Por este motivo, poderá esixirse o rectificado mecánico do axuste entre o marco e a tapa.

Os patés para pozos de rexistro, depósitos, etc., serán de ferro galvanizdo en forma de U de corenta por veinte (40 x 20) centímetros, dos

veinte (20) centímetros empotraranse dez (10). O diámetro e o espesor das barras será de vinte (20) milímetros.

A distancia máxima vertical entre patés consecutivos aconsellase non sobrepase os trinta e cinco (35) centímetros. O primeiro e o último peldaño deben estar situados a vintecinco (25) centímetros e cincuenta (50) centímetros de superficie e banqueta de fondo respectivamente.

2.11.- TUBOS DE FORMIGON

Os tubos de formigón utilizados cumplirán cas características fixadas no Plego de Prescripcions Técnicas Xerais para tuberías de saneamento.

Utilizaranse, salvo indicación expresa do Director de Obra, tubos de formigón vibroprensado con enchufe a campana para xunta de goma.

2.12.- TUBERIA DE FUNDICION DUCTIL

A tubería de fundición dúctil utilizada cumprirá o establecido na normativa seguinte: Plego de Prescripcions Técnicas Xerais para tuberías de abastecemento, A.W.W.A.-C104, C151, C600 y UNE 36118.

2.13.- TUBOS DE PVC DURO CON XUNTA ELASTICA

Os tubos de PVC duro serán con de sección circular y de espesor constante nas suas paredes, seguindo en todo momento as especificacions esixidas na normativa seguinte:

- UNE-53114.- Tubos e accesorios inxectados de poli (cloruro de vinilo) non plastificado para unión con adhesivo e/ou xunta elástica, utilizados para evacuación de aguas pluviais e residuais.

- UNE-53020.- Materiais plásticos. Determinación da densidade e da densidade relativa dos plásticos non celulares, métodos de ensaio.

- UNE-53118.- Materiais plásticos. Determinación da temperatura de reblandecemento vicat.

- UNE-53196.- Plásticos. Determinación do comportamento ó calor.

Antes de montar os tubos, deberán ser examinados e apartaranse todos aqueles que presenten calquera defecto. O mesmo criterio seguirase cos elementos de unión.

Os tubos serán resistentes á abrasión producida polas partículas sólidas transportadas pola vena líquida.

Ademáis terán gran inercia química e total resistencia ós vertidos orgánicos e inorgánicos.

Pola sua parte, as xuntas serán totalmente estancas, impedindo a contaminación das aguas subterráneas ou superficie.

2.14.- VALVULAS

Os materiais e a construcción das vávulas utilizadas na obra, así como ensaios prévios a que deberán ser sometidas, cumplirán o indicado nas normas UNE e ISO correspondentes, reflexadas no punto 1.2. deste Plego.

Válvula de Comporta

Os corpos das válvulas serán de fundición de primeira calidade e de aceiro moldeado e serán todos probados en fábrica a unha presión mínima de catro veces a presión de servicio.

As válvulas estarán construidas de modo que as pezas móviles teñan frotamiento de bronce, debendo estar perfectamente axustadas todas as pezas.

Todo o material de fundición das válbulas estará pintado.

Os modelos que se propagan deberán ser sometidos á aprobación do Enxeñeiro Director das Obras.

Deberán probarse para presions doble da presión de servicio actuando sobre as duas caras alternativamente, sin dar paso a ningunha cantidade de agua en absoluto, e sin que se observe ningunha anormalidade.

O contido de goma en bruto da calidade elixida (Smocked tipo RMA IX) non deberá ser inferior ó cincuenta (50) por cento en volume, ainda cando preferiblemente deberá alcanzar unha porcentaxe superior.

Deberá estar totalmente exenta de cobre, antimonio, mercurio, manganeso, plomo e óxidos metálicos, excepto o óxido de cinc, tampouco conterá extractos acetónicos en cantidad superior ó tres con cinco (3,5) por cento.

O azufre libre e combinado superará o dous (2) por cento. As cinzas serán inferiores ó dez (10) por cento en peso. As escorias estarán compostas exclusivamente de óxido de cinc, u negro de fume da mellor calidade, e estar exentas de silicio, magnesio e aluminio.

O extracto clorofórmico non deberá ser superior ó dos (2) por cento e o extracto de potasa alcohólica e a carga deberán estar contidos na porcentaxe que resulte por diferencia.

Aparte dos antienvexecedores, as cargas deberán estar compostas de óxido de cinc puro, de negro de fume puro, tamén sendo tolerado dun modo impalpable o carbonato cálcico.

As pezas de goma deberán tratarse con antienvellecedores onde a sua composición non permita que se enmohezca a sua superficie ou se alteren as suas características físicas ou químicas despuois dunha permanencia durante catro (4) meses no almacén en condicions normales de conservación.

Para as condicions de agua potable, as sustancias que poideran alterar as propiedades organolépticas da agua, non serán admitidas na composición da goma.

Todos os gastos que ocasionen estas operacions de proba, serán de conta do Contratista.

Válvula de Mariposa

Os corpos das válvulas de mariposa serán de aceiro ou función e deberán ser probadas como mínimo a cuatro (4) veces la presión de servicio.

A mariposa será de aceiro fundido ou de fundición, en calidades de completa garantía, debendo facer o peche sobre elementos de goma ou outro material inalterable e resistente á erosión e corrosión.

Os modelos que se propoñan deberán ser sometidos á aprobación do Enxeñeiro Director, con indicación expresa de que todas as partes interiores que han de estar en contacto ca agua estén construidas con materiais inoxidables.

Deberán probarse en fábrica a presions ata duas (2) veces a presión de servicio, actuando polas duas caras alternativamente, esixíndose unha estanqueidad completa durante a proba e non debéndose observar anomalía nin deformación de ningunha clase, sendo todos os gastos de proba por conta do Contratista.

En calquera caso, a elección final dos tipos de válvula a utilizar na obra dependerá da decisión do Enxeñeiro Director das Obras.

2.15.- REVESTIMENTOS E PROTECCIONS

Todo material de función ou aceiro ó carbono, debese protexer con capas de imprimación, intermedia e de acabado con resinas epoxi que deben ter un espesor comprendido entre 100 e 200 micras, uniforme en toda a superficie.

Tamén poderá utilizarse un recubimento poliamídico con polvos de moi baixa granulometría.

A idoneidade dos productos utilizados para o revestimento e a protección das pezas de fundición de aceiro ó carbono, será indicada polo Enxeñeiro Director das Obras.

1.16.- PINTURAS

Elementos constitutivos das pinturas:

Agua:

- Deberá ser pura, non contendo sales nin materias orgánicas que poidan alterar as cores ós aglutinantes.

Aceite de linaza:

- será cocido e cumprirá as condicions da norma UNE-48003.

Aguarrás:

- Cumprirá as condiciones da norma UNE-48013.

Cola:

- Poderá ser de orixe animal ou vegetal.

Cores ou pigmentos:

- Deberán ser fixos, insolubles en agua ou inalterables pola acción dos aceites ou de outras cores, terán a facultade de incorporarse ó aceite, cola, etc. e facilidade para extenderse e de cubrición.

Esmalte:

- O esmalte de color será inalterable e moi brillante, propiedade que conservará ainda que se humedeza e frote. Secarase perfectamente antes das doce (12) horas.

Secantes líquidos:

- Serán da mejor calidade e na mezcla non deberán alterar a cor das pinturas. Secarán nun periodo de tiempo inferior ás doce (12) horas.

O Contratista especificará e xustificará en cada caso, de acordo cas normas en vigor, as condicions das pinturas a empregar nos distintos puntos, cuidando moi especialmente de establecer as condicions das que se utilicen para protección das superficies metálicas ou de fábrica que poidan estar suxeitas a ambientes húmedos e corrosivos.

2.17.- GOMA PARA XUNTAS

A goma para as xuntas deberá ser homoxénea, absolutamente exenta de trozos de goma recuperada e ter unha densidade non inferior a cero con noventa e cinco (0,95) Kg/cm3 ou non superior a un con corenta e cinco (1,45) Kg/cm3.

3.- EXECUCION DAS OBRAS

3.1.- CONDICIONS XERAIS

Todas as obras do Proxecto executaranse de acordo cos Planos e ordes do Enxeñeiro Director das Obras, quen resolverá as cuestions que se plantexan referentes á interpretación daqueles e das condicions de execución.

O Enxeñeiro Director suministrará ó Contratista canta información se precise para que as obras poidan ser realizadas.

A orde de execución deberá ser aprobada polo Enxeñeiro Director e será compatible cos prazos estipulados.

Antes de iniciar calquera obra, o Contratista deberá poñelo en coñecemento do Enxeñeiro Director e recabar a sua autorización.

Independentemente das condicions particulares ou específicas que se esixan ós equipos necesarios para executar as obras nos Artigos do presente Prego, todos os equipos que se empreguen na execución das obras deberán cumprir as condicions xerais seguintes:

* Estarán disponibles con suficiente anticipación ó comenzo do traballo correspondente, para que poidan ser examinados e aprobados no seu caso, polo Enxeñeiro Director.

* Despois de ser aprobado un equipo polo Enxeñeiro Director, deberá manterse en todo momento en condicions de traballo satisfactorias, faciendo as sustitucions ou reparacions necesarias para elo.

* Si durante a execución das obras o Enxeñeiro Director observara que, por cambio das condicions de traballo ou por calquera outro motivo, o equipo ou equipos aprobados non son idóneos ó fin proposto, deberán ser sustituidos por outros que o sexan.

3.2.- DEMOLICION DE FIRME PARA APERTURA DE ZANJAS

A demolición do firme existente clasificase en dous tipos:

** Demolición de firme flexible.

** Demolición de firme ríxido.

E en función do "tipo de firme" a demoler, según clasificación recollida na Instrucción de Carreteras do MOPT e independente do espesor do mesmo e da dificultade da sua demolición.

Consiste na disgregación do firme existente, efectuada por medios mecánicos e eventual retirada a adición de materiales.

Utilizaranse os medios de corte necesarios para non dañar as zoas próximas ó borde da excavación, tales como serra de corte, martillos neumáticos, etc.

Levarase a cabo naquelas zoas onde a calzada existente queda afectada polo trazado dos colectores ou tuberías.

Os productos removidos, non aproveitables, transportaranse a vertedeiro.

3.3.- EXCAVACION EN ZANJAS

A excavación en zanjas realizaráse de acordo co prescrito para esta unidade de obra no Prego de Prescripcions Técnicas para as obras de carreteras e pontes (PG-3), tendo especial atención no indicado a continuación.

As excavacions do presente Proxecto clasificanse en dous tipos:

** Excavacions en terreo de tánsito.

** Excavación en roca.

As zanjas para aloxamento de tuberías excavaranse axustándose ás cotas sinaladas nos planos, admitíndose variacions únicamente si fosen aprobadas por escrito polo Enxeñeiro Director. En calquera caso, o seu trazado deberá ser correcto, perfectamente alineadas en planta e con rasante uniforme.

Excavarase ata a liña da rasante sempre que o terreo sexa uniforme; se quedan ó descuberto piedras, cimentacions, penas, etc., será necesario excavar por debaixo da rasante para efectuar un recheo posterior.

En terreos de fácil meteorización, se fose absolutamente imprescindible efectuar a apertura das zoas con máis de oito (8) días de antelación á colocación da tubería, deixaranse sin excavar uns vinte (20) centímetros sobre a rasante da soleira para o seu acabado en prazo inferior ó citado.

O material extraído da excavación acopiarase nos lugares que sinale o Enxeñeiro Director das Obras, e no caso de que se autorice o seu apilamento ó

longo das zanjas, formaranse cordóns ben perfilados, con seccions transversales definidas, a suficiente distancia dos bordes para evitar desprendemientos ou fundimientos, ata que se saiba a porcentaxe de excavación aproveitable como recheo, momento en que transportará o resto ou se extenderá sobre o propio lugar, según determine o citado Enxeñeiro.

Xunto ca excavación realizaranse as obras de desagüe e de entibación e apeos, co fin de facilitar a eliminación da agua, así como evitar posibles desprendementos.

Aquelas excavacions que se realicen a ceo aberto, ha de terse epecial coidado na sua execución para non incurrir por elo nunha rotura da conducción actual. Por elo protexerase ésta e acometerase a excavación en tramos e seccions pequenas que se poidan dirixir o seu desprendemento.

3.4.- EXECUCION E UTILIZACION DE MORTEIROS DE CEMENTO

A execución de morteiros de cemento aterase ó prescrito na Instrucción para a execución de obras de formigón en masa e armado (EH-91).

3.5.- ENCOFRADOS E CIMBRAS

Os encofrados e cimbras para a colocación de formigons, poderán ser metálicos, de madeira ou outros materiais, pero sempre cumprindo o especificado ca Instrucción para a execución de obras de formigón armado e en masa (EH-91).

3.6.- COLOCACION E DOBLADO DE ARMADURAS

A forma, dimensions e disposición das armaduras serán as indicadas nos planos correspondentes.

A colocación e dobla das armaduras ajustarase ó disposto na Instrucción para a execución de obras de formigón armado e en masa (EH-91).

3.7.- EXECUCION DE FORMIGONS

Na execución das fábricas de formigón, o Contratista aterase ás prescripcions da Instrucción EH-91 que, en cada caso sexa de aplicación, ás ordes concretas que, para a correcta interpretación de dita Instrucción, lle sexan dadas polo Enxeñeiro Director.

3.8.- ENLUCIDOS

Enlucirase con un morteiro impermeabilizante as arquetas. Na sua execución observaranse as seguintes prescripcions:

- Aplicarase despois de que se teña lavado a parede de formigón.

- A limpeza e humectación da superficie a enlucir farase do modo máis perfecto posible.

- O enlucido impermeabilizante extenderse despois de aplicar con escobilla, a modo de pintura, unha lecha de morteiro de cemento con aditivo adherente, comprimíndose fortemente ca llana cada unha das diversas capas.

Non obstante o prescrito en párrafos anteriores, a manera de executalo axustarase en todo momento ó ordeado polo Enxeñeiro Director.

3.9.- RECHEO DE GABIAS

O recheo de terras posterior á colocación das tuberías, farase por capas de terra solta húmeda, ben apisonadas contra a obra e contra as paredes da zanja. Nos primeros trinta (30) centímetros por arriba da tubería, o tamaño máximo dos áridos presentes será de dous (2) centímetros.

O resto ata completar o recheo farase con terras procedentes de excavación, apisonadas enérxica e coidadosamente. Executarase dacordo co

indicado para esta unidade de obra no Plego de Prescripcions Técnicas Xerais para as Obras de Carreteras e Pontes PG-3. O material ha de ter un tamaño máximo de oicho (8) centímetros.

O recheo de zanjas, farase con productos seleccionados da excavación, pero se estes non son aptos a xuicio do Enxeñeiro Director para o adecuado terraplanado daquellas, o Contratista deberá efectualo traendo de préstamos.

Por iso, o recheo clasificase neste proxecto en dous tipos:

** Recheo con terreo procedente da excavación.

** Recheo con material de préstamos.

3.10.- REPOSICION DE PAVIMENTO

A reposición de firme efectuarase según a sección tipo que figura nos planos e según as seguintes especificacions:

* Formigón H-150. Art. 550 PG-3

* Rego de adherencia. Art. 532 PG-3

* Aglomerado en quente. Art. 542 PG-3

O formigón a utilizar na capa base será do tipo H-150 Kg/cm2. O espesor da capa será de vinte (20) centímetros.

A emulsión a utilizar, salvo indicación en contra do Director de Obra, será do tipo ECR-2, con unha dotación de 0,90 Kg/m2 de emulsión, asegurándose 0,55 Kg/m2 de betún residual xa que a emulsión ha de conter un mínimo do 62% de betún.

O tipo de aglomerado en quente na capa de rodadura será D-12 ó S-12. O espesor será de 7 centímetros.

3.11.- COLOCACION DE TUBERIAS DE FORMIGON E DE P.V.C.

A colocación e control da tubería de formigón e de PVC farase de acordo co prescrito no Plego de Prescripcions Técnicas Xerais para tubería de saneamento.

3.12.- INSTALACION DE TUBERIA DE FUNDICION

A instalación e control da tubería de fundición farase de acordo co indicado no Plego de Prescripcions Técnicas Xerais para tubería de abastecimento de agua (MOP/1.974).

3.13.- ARQUETAS PARA CHAVES E ANCLAXES

As arquetas e anclaxes axustaranse ás especificacions dos planos, ás normas correspondentes e ós artículos deste plego que lles afecten.

3.14.- POZOS DE REXISTRO

Os pozos de rexistro axustaranse ás especificacions dos planos e ás normas correspondentes ós artigos deste plego que lles afecten.

Os pozos de rexistro axustaranse ás especificacions dos planos e ás normas correspondientes ós artigos deste Plego que lles afecte.

Os pozos de rexistro que presenten un desnivel igual ou maior a un (1) metro entre a cota de entrada e a de saída, consideraranse pozos de resalto.

3.15.- INSTALACION DE VALVULAS E DESAGÜES

A instalación de válvulas e desagües, axustaranse ó indicado nas Normas Técnicas indicadas en apartados anteriores.

3.16.- OBRAS NON ESPECIFICADAS NO PRESENTE PREGO

Para a ejecución das obras que non fosen especificadas no presente Prego, e que figuren no presuposto xeral, ou ben sexan necesarias para levar a cabo durante a marcha dos traballos, teranse en conta as instruccions que dé o Enxeñeiro Director das Obras e levarase a cabo con arreglo á arte do ben construir.

3.17.- PASO DE TUBERIA A TRAVES DE OBRA DE FABRICA

Farase con pezas chamadas pasamuros e conexions e constará dun cacho de tubería das mesmas características da tubería de conducción, podendo ou non, levar nos seus extremos unha brida.

No centro, aproximadamente, levará soldada unha pletina aredor do tubo, denominada collarete de estenqueidad, as dimensiones desta pletina, que podería ser redonda ou cadrada serán aproximadamentede dunhos dez (10) centímetros maior co diámetro do pasamuros ó cal vai soldada.

A montaxe destes pasamuros farase de duas formas distintas, según se trate de atravesar paredes de tanques que conteñan líquidos ou gases e os que atraviesan muros doutra clase de construccions.

No primeiro caso, o pasamuros deixarase ben collido na fábrica de formigón ó construirse ésta, de forma que hacia o centro do espesor da parede quede situada a pletina chamada "Collarete de Estanqueidade". Hacia dentro e fora da parede o pasamuros deberá sobresair unha lonxitude aproximada entre cinco (5) e quince (15) centímetros a non ser que se trate dunha peza especial, na que esta lonxitude poderá ser maior.

No segundo caso na obra de fábrica deixarase un burato circular ou cadrado cunhas dimensions superiores, entre quince (15) e dazaoito (18) centímetros, o diámetro do pasamuros, colocándose este despois, reenchendo o oco posteriormente, de forma que o pasamuros quede perfectamente collido á fábrica.

3.18.- REPLANTEO

O replanteo ou comprobación xeral do Proxecto, efectuarase deixando sobre o terreo sinais ou referencias que teñan suficientes garantías de permanencia para que, durante a construcción, poida fixarse, con relación a elas, a situación estando obrigado o Contratista á custodia e reposición das sinais que se establezcan.

O Enxeñeiro Director poderá executar por sí ou ordear cantos replanteos parciais estime necesarios durante o periodo de construcción, para que as obras se realicen con arreglo ó Proxecto e as modificaciones do mesmo que sexan aprobadas.

As operacions de replanteo serán presenciadas polo Enxeñeiro Director e o Contratista ou polas persoas en quenes deleguen, debendo levantarse a Acta correspondiente e faranse por conta do Contratista.

4.- MEDICION E ABONO DAS OBRAS

4.1.- NORMAS XERAIS

Todas as unidades de obra mediranse e abonaranse polo seu volume, superficie, lonxitude, peso ou unidade, según estén especificadas no cadro de precios número un (1).

Solamente poderá utilizarse a conversión de peso a volume ou viceversa cando expresamente o autorice este plego. Neste caso, os factores de conversión serán definidos polo citado Plego, ou no seu defecto, polo Enxeñeiro Director das Obras, quen, por escrito, notificará ó contratista os valores adoptados previamente á execución da unidade ou acopio correspondente.

Cando este Plego indique a necesidade de pesar materiais directamente, o Contratista deberá situar , nos puntos que se designen polo Enxeñeiro Director das Obras, as básculas ou instalacions necesarias debidamente contrastadas para efectuar as medicions por peso requeridas, e a sua utilización deberá ir precedida da correspondente aprobación do citado Enxeñeiro.

Para a medición serán válidos os levantamientos topográficos e os datos que fosen conformados polo Enxeñeiro Director das Obras.

Todas as medicions básicas para o abono deben estar conformadas polo Xefe da unidade de construcción e o representante do Contratista, debendo ser aprobadas polo Enxeñeiro Director das Obras.

Sempre que non se diga expresamente outra cousa, consideranse incluidos nos precios do Cadro número un (1), os agotamentos, as entibacions, ou os recheos do exceso de excavación, o transporte a vertedeiro dos productos sobrantes, a limpeza das obras, a maquinaria, os medios auxiliares e todas as operacions necesarias para rematar perfectamente a unidade de obra de que se trate.

En ningún caso o Contratista terá dereicho a reclamación fundándose en insuficiencia de precios ou por falta de expresión, no Cadro de Prezos, de algún material ou operación necesarios para a execución dunha unidade de obra.

O contratista queda obrigado a executar as obras con estricta subxeción ás dimensions que figuran nos Planos. Os excesos que poideran producirse por calquera motivo, non lle serán de abono. Si a xuicio do Enxeñeiro Director ese exceso de obra resultase perxudicial, o Contratista demolerá a obra á sua costa e refaraa novamente cas dimensions debidas.

As unidades que teñan que quedar ocultas ou enterradas deberán ser medidas antes da sua ocultación. Si a medición non se efectúa ó seu debido tempo, será de conta do Contratista as operacions necesarias para levala a cabo.

E obriga do Contratista a conservación de todas as obras e, por conseguinte, a reparación ou reconstrucción, á sua costa, das seguintes partes:

* As que teñan sufrido danos por defectos de execución. Falta de vixiancia ou calquera outro motivo imputable á contrata.

* As que se comprobe que non reúnen as condicions esixidas neste Plego.

Para ditas reparacions seguiranse estrictamente as instruccions que dé o Enxeñeiro Director.

A obriga de conservar as obras extendese igualmente ós acopios que se teñan certificado, así como á reposición daqueles que se perdan, destruan ou dañen, calquera que sexa a causa.

Mensualmente o Enxeñeiro Director extenderá ó Contratista certificación acreditativa das obras executadas durante o mes correspondiente, na forma legalmente establecida. Dita certificación terá carácter provisional e a boa conta da liquidación xeral.

4.2.- PARTIDAS ALZADAS

Abonaranse íntegras ó Contratista as partidas alzadas que se designen no Presuposto, baixo esta forma de pago.

4.3.- ABONO DAS OBRAS INCOMPLETAS OU DEFECTUOSAS

Cando, por rescisión do contrato ou calquera outra causa, sexa preciso aboar obras incompletas, aplicaranse os precios e descomposicions que figuran no Cadro de Prezos número dous (2), sin que poida pretenderse a valoración de calquera unidade de obra descomposta en forma distinta.

En ningún caso terá dereito o Contratista a reclamación algunha fundada en insuficiencia ou omisión de calquera dos elementos que compoñen o precio contido en dito cuadro.

Si algunha obra non se houbese executado con arreglo ás condicions do Contrato e sin embargo fora admisible, xuicio do Enxeñeiro Director, poderá ser recibida provisional e definitivamente, pero o Contratista quederá obrigado a aceptar a rebaixa que o Enxeñeiro Director impoña, salvo no caso de que a demola á sua costa e a refaga conforme ó estipulado no contrato.

4.4.- EXCESOS INEVITABLES

Os excesos de obra que o Enxeñeiro Director defina por escrito como inevitables, aboaranse ós precios que para as unidades realizadas figuren no Cadro número un (1). Cando isto non sexa posible, estableceranse os oportunos precios contradictorios.

4.5.- ABONO DE MATERIAL DE DEPOSITO

Non se abonará ó Contratista material algun que non esté colocado no depósito. Se o terreo utilizado para o depósito do material é de propiedade particular, non se fará o abono ata o seu emprego en obras, a menos que o Contratista presente documentación suficiente, a xuicio do Enxeñeiro Director, na que o dono do terreo recoñeza que o material acopiado é propiedade da obra e que se satisfizo o alquiler polo tempo que o material poida ocupar terreo.

4.5.- DESPRENDEMENTOS

En xeral, non serán de abono os desprendementos, salvo aqueles casos nos que poida comprobarse que foran debido a causas de forza maior. Nunca o serán os producidos por neglixencia do Contratista ou por non ter cumprido as ordes dadas polo Enxeñeiro Director.

4.6.- EXCAVACIONS

Mediranse e aboaranse por metros cúbicos realmente excavados, obtidos por diferencia dos perfiles tomados antes de iniciarse os traballos e os perfiles finais.

O considerarse a excavación como clasificada, o precio será diferente para os distintos terreos que se excaven. Comprenden a maquinaria e man de obra necesaria para a sua execución e o transporte dos productos sobrantes a terraplén ou vertedero.

Nos tramos en que previsiblemente a inestabilidade do terreo obrigue á sua entibación, deberán executarse actas antes de que poidan producirse os desprendementos.

4.7.- ENCOFRADOS, ARMADURAS E FORMIGONS

Os encofrados abonaranse por metros cuadrados de superficie de formigón medido sobre os planos.

As armaduras de aceiro empregadas en formigón armado aboaranse por peso en quilopondios deducido dos Planos, aplicando para cada tipo de aceiro os precios unitarios correspondentes ás lonxitudes obtidas en ditos Planos. O abono das mermas e despuntes consideraranse incluidos no quilopondio de armadura.

O formigón aboarase por metros cúbicos realmente colocados en obra, medidos sobre Planos. Descontaranse as sancions impostas por insuficiente resistencia do formigón.

O cemento, áridos, agua e adicions, así como a fabricación, transporte e vertido do formigón, quedan incluidos no precio unitario, igualmente se inclue a sua compactación, execución de juntas, curado e acabado.

4.8.- TUBERIAS

As tuberías aboaranse polos metros de diámetro e timbraxe correspondentes, realmente colocados en obra, medidos sobre o terreo, ou en acopios a pe de obra.

O precio comprende: por un lado a adquisición da tubería, transporte, manipulación e emprego de todos os materiais, maquinaia e man de obra necesaria para a sua instalación en zanjas, execución de xuntas e gastos de proba.

O precio das tuberías considerase acopiado a pe de obra, o que supon o precio de adquisición e transporte e por outro lado o precio de instalación en obra, que e suma da manipulación, parte proporcional de unión, maquinaria e man de obra necesaria para a sua colocación.

4.9.- LEVANTAMENTO E REPOSICION DE FIRMES

Aboaranse os metros cuadrados e levantados e repostos ós precios sinalados no Cadro de Precios número un (1).

Os precios comprenden o suministro, transporte, manipulación e emprego de todos os materiais, maquinaria e man de obra necesaria para a sua execución, así como transporte de escombros e productos extraídos non necesarios na reposición a vertedeiro, arreglo das áreas afectadas e a sua limpeza final.

4.10.- AGOTAMENTOS E ENTIBACIONS

A entibación e agotamento, en caso de ser necesarios, non serán de abono, dado que se atopan incluidos no precio das excavacions.

4.11.- PEZAS ESPECIAIS E ELEMENTOS DE MANOBRA E CONTROL

As pezas especiais (codos, tes, reduccions, válvulas, etc.) completamente montados abonaranse ó precio sinalado no presuposto, no apartado de

medición das unidades colocadas en obra, salvo aquelas unidades onde o seu precio xa conteña as correspondentes pezas especiais.

En ditos precios comprendese a adquisición, transportes diversos, man de obra e materiais para a montaxe completa, probas e todas as demáis operacions e gastos necesarios para deixalas funcionando perfectamente instaladas.

4.12.- OUTRAS UNIDADES DE OBRA NON ESPECIFICADAS

As unidades de obra onde a sua medición e abono non se especifica, mediranse e aboaranse conforme cos precios do Cadro de Precios do Presupuesto correspondente ás mesmas, nos cuales se inclue a manipulación, adquisición, transporte a obra e colocación de todos os materiais necesarios así como os medios auxiliares e gastos de probas se fosen necesarios.

4.13.- REPLANTEO

Todas as operacions de replanteo que deban realizarse con anterioridade ou durante a execución das obras, serán de conta do Contratista.

PONTEVEDRA, Outono de 1.998

O Enxeñeiro Técnico Forestal,

Fdo/ Manuel Iglesias González

Colx. nº 0.000